

O MISTERO DO VAL DOS SOÑOS

Fai 5 anos...

Era unha noite escura de verán acórdome perfectamente, meu curmán casábase coa moza que tanto quería aquel día , eu pola contra estaba moi nerviosa xa que cando me interéi onde iba a celebrarse a voda non daba crédito.

Cando recibira a carta de invitación meses anteriores fixéime no debuxo que había xusto debaixo :un roble no cal había unha pequena casiña cunha fada e un duende.A ilustración transmitíame un lugar de ensoño como se fose do libro “Alicia no país das marabillas”. O sitio chamábase o val dos soños, un nome que me chamou moito a atención e que coincidía perfectamente co que eu visualizara anteriormente.

Cando se acercou a hora para salir, estaba mirando a miña vestimenta fronte ao espello, iba vestida cun fermoso vestido vermello e branco. O meu pelo distribuíase lixeiramente por encima dos meus ombreiros cuns tirabuzóns e un prendedor fermoso cun lazo e cintas brancas sobre o alto da cabeza.

Miña nai e meu pai iban de punta en branco, pero non me dera tempo a decirlles o ben que lles quedaba a roupa xa que estaban agardando por nós.

Fomos a igrexa celebramos o compromiso e felicitamos os noivos recién casados na saída da igrexa cun montón de pétalos:

rosas,amarelos,laranxas e incluso azuis. Eu optei por uns vermellos que cadraban mellor co meu vestido , o máis gracioso foi cando lles tiramos o arroz por encima da cabeza.

Estes cando chegaron ao coche (un BMW negro) encontráronse todo tipo de cousas menos a cor do coche, convertérase en multiples cores debido aos posits,globos,confetti...Sacaron os globos de dentro para poder sentarse e... sairon 27 globos voando cara ao ceo en diferentes direccións!!

Pero a festa solo acababa de comezar, distribuímonos en coches diferentes e alcanzamos o val dos soños.

Era bastante rústico pero cunha finca increíblemente grande, había diferentes seccións , unhas para a xente maior, outras para os nenos e incluso monitores encargados de entreternos todo o día.

Por obrigación dos nosos pais fomos xunto deles e dedicámonos a comer os pinchos, unha vez que rematamos ,todos nenos da cerimonia reunímonos e empezamos co noso plan:

-Oes Ainhoa, que che parece este sitio -díxome Sabela-

- A verdade...paréceme máxico, si,esa é a palabra adecuada.

-Sabes onde están os demais?

-Si, están dento na carpa,imos?-respondín alegremente-

-Imos-díxome igual de emocionada ca min-

Entramos na carpa onde todo se encontraba perfectamente colocado e ambientado nunha temática floral con cores pastel e brancos na súa totalidade.

Fun correndo ata onde estaban os meus amigos e comezamos a dialogar:

- Fuaa, estou mallado e non teño ganas de nada-comentou Brais-

-Meu ceo, isto non fixo máis ca comezar- díxenlle dándolle un bico na meixela-

- Ei, Ei, Ei, vós tedes algo...?-dixo Guille-

-Non os ves oh? vése ás leguas -contestou Ares-

-Aressss, queeres calar a boca ? Xa sabes que somos mellores amigos...-dínme a volta e chisqueille un ollo a Brais_

-Exactamente, entre ela e eu non hai nada non inventedes paravadas

Con isto saímos ata fóra, onde nos esperaban máis amigos , pero xa era hora de comer. Acudimos ao sitio coa pandilla, comemos e saímos de novo o máis rápido posible xa que todo iso estaba rematando con nós.

-Odio as conversacións dos adultos-dixo Hugo-

-Todos as odiamos, a min só me gustan as dos avós son do máis entretenidas e sentimentais-contestei-

-Parece que o dis dende o corazón miña ruliña-contestoume Brais-
-E que o digo de verdade...- contestei de novo- Que vos parece se
estamos un pouco cos monitores e despois estamos a nosa
bóla?-interroguéi-
-Parecenos ben- dixeron todos ao unísono-

Estivemos facendo miles de actividades durante dúas horas, había
colchonetas,bebidas,xogos tradicionais,ao lado da piscina fixemos un
corro e pechamos os ollos intentando adiviñar quen era a persoa da que
estabamos a falar según os seus gustos(mediante un monitor que facía
de portavoz).

Fixemos unha chea de cousas pero nós queriamos que chegase a noite
xa que era cando todo se poñía máis divertido.

Brais máis eu quedamos fronte a carpa as 20:00 mentras os outros
segúan pelexando por quen gañaba e quen perdía.

Cando chegou a hora fun coi coidado subindo a costa ata atoparme con
el.

-Miña nena-díxome dándome un cálido abrazo-(Brais só me sacaba un
ano pero aínda así levábame 2 cabezas)

-Quérote moito, sabíalo?-dixénlle mirándoo aos ollos-

-Seino pero nunca poderas superárme-dixo comezando a facerme
cóxegas-

-Aiiii JAJAJAJ , párate quieto home, JAJAJAJ non, xa porfaaa-e cos
olliños de cordeiro conseguín facer del o que quería(que me deixase de
facer cóxegas-

-Picaste moito amor JAJAJ-dixo separándome os mechóns rebeldes
que se pegaban a miña cara para darme un lixeiro bico nos beizos-

-Seino pero aínda así téñote toliño- dixen levando os meus brazos ao
seu pecozo-

-A verdade e que si para que mentirche,vamos a xunto dos noivos?
estarán esperando por nós-dixome colléndome no colo-

-Imos, pero BAIXAMEE ,temos que finxir algo de formalidade-contestei
inquieta revolvéndome entre os seus brazos-

Entrámos no restaurante esperando a ver se aparecían os nomeados,
cando vin a noiva fun en busca dela e envolvína nun cálido

abrazo. Chamábase Coral, encantábame o seu nome, recordábame aos arrecifes de coral do mar nos que navegaba Nemo coas súas aletas no libro que lera cando fun pequena.

Aviséina que dentro dun anaco cearíamos moi rápido para estar fóra a maior parte do tempo ,ela dixo que mellor xa que os adultos o único que facían era ter temas de conversación absurdos sobre: finazas, traballo, a miseria... Que temas eran eses de tratar nunha voda!!! Eu imaxinábame que tratarían temas de se iban a vivir nunha casa nova por exemplo.

O tempo pasou voando coa de leria que tiñamos todo o grupo pero decatámonos de que tiñamos que ir correndo a cear se non queríamos quedar sen tarta.

Subimos a carreiras as escaleiras e a pouco máis case non nos matamos , pero chegamos sanos e salvos .

A cena estaba boísimas pero... A tarta?? Era das mellores que vira na miña vida e o gusto era de igual agrado ca visión.

Cando terminei de cear decidín dárlle unha sorpresa ao meu curmán cunha pancarta felicitándoo.

Sabía que Coral estaba embarazada de tres meses pero a penas se lle notaba, era fermosa e tiña bo corpo, o que facía disimulárlle a tripiña chea de amor que tiña debido a ese bebé que sairía dentro duns meses.

Cando lle ensinei a pancarta decindo o orgullosa que estaba de que encontrara a muller que facía que se lle revolvera todo o sistema de tantas emocións que lle xeraba, emocionouse e deume un abrazo mentras lle escorregaba unha lágrima pola meixela, dándome unha lixeira palmadiña na espalda.

Despois da sorpresa ao meu curmán xa eran as once e media da noite e todos os nenos saíramos a fóra, estávamos na herba sentados falando dos plans que tiñamos este verán. Eu estaba no regazo de Brais e estaba a piques de quedar durmida.

-Ainhoaaa-chamáronme todos-

-Eh que cómo , que pasa , papoula?-dixen gruñindo-

-Ui , ui ese champin...-dixo Ares-

- O champin non ten alcohol-dicen fulminándoo coa mirada-

-Como que papoula eh lacazana? En lugar de estar soñando connigo soñas con flores? Jajajaj-dixo Brais-

-Joo,que non me estaba dando de conta que estaba quedando durmida, que hora é?-contestei impaciente-

-A unha -dixo dándome un bico na fronte-, hasta que hora están os teus pais?-preguntoume de súpeto-

-Creo que hasta as catro e algo... maña non me vou dar levantado-contestei mudando de posición poñendo as mans no seu peito-

- Ao final non vas a querer marchar xa verás...-contestou baixando as mans ata a miña cintura-

-Uii, que amorciño vos tedes-dixo Sabela-

-Mira xa está ben, é certo si estamos xuntos,punto -dixen agotada-

-Vess como tiña toda a razon?? - dixo Ares-

-Ares que parvo es tío -contestou Brais-

-Facedes boa parella a verdade -afirmou Hugo-

-Grazas -dixemos a vez- JAJAJAJ tio así non se pode-dixo Brais entre gargalladas.

-Dentro de dúas semanas vamos con dous amigos a costa, a Foz en concreto, él máis eu -dixen sinalándonos para romper co ambiente-

-Si, Ainhoa ten unha piscina no seu apartamento e como vive nunha avenida, para ir ata a playa podemos ir camiñando un bo anaco parando en cada xeadaría por se nos da a calor jajaj de feito hai unha xusto enfrente da praia máis grande.

-Plans en parella e incluídes a vosa familia?Levádesvos bastante ben non si?Ten moi boa pinta os vossos plans a verdade-dixo Ares-

Levantéime e fun camiñando pola herba miúda do lugar, a miña esquerda había un corredor de velas prendidas que era o único que destacaba xunto coas luces da carpa.Dáballe un certo ambiente de incertidume e siniestro. Fixéime na finca tan grande que había preto de nos e acerqueime ,pero pareceume ver unha silueta no medio do bosque e asusteime,decidín preguntar ao meu grupo se estaban vendo iso exactamente igual ca min:

-Eeemm tíos vedes eso dalí-preguntei coa voz temblorosa-

-VAIA QUE SI!!!! SAIDE AGORA MESMO-dixo Ares-

-NON, ESPERAAA!!-dixen levantando a voz-

Acerqueime aínda máis e vin de cerca que se trataba dun home pero non estaba no chan estaba como “flotando” , só levababa unha camiseta rota e con buratos,as típicas que levan os agricultores no verán(pero non con tantos furados como a que estaba vendo) Levaba unha gorra e os seus ollos eran todos de cor negro, non había rastro de cor branco por ningunha parte.A súa cara era como o cranio dun ser pasado!!! Nese momento apagáronse tres velas do corredor e eu contivén a respiración loitando por non perder o control, pero era imposible, esa silueta acercouse cinco pasos e quedou un pouco máis cerca do meu campo de visión.

- Tiñas razón Ares por unha vez na vida tiña que facerche caso! vamos correndooooo-gritei-
- Tía esto dame moi mala espiña- dixo correndo tras miña Sabela-
- Pero que merda era iso?-dixo eufórico Brais-

Calquera persona co uso da razón marcharía correndo cara a carpa, pero nos saímos en dirección contraria a onde nos atopábamos e desúpeto no medio encontrámonos a un ranchiño pequeno.

- Case me da algo , esa é a mascota dos noivos -pronunciei en voz baixa-
- E verdadeeee -dixo Ares- Mentras esté aquí con nós vámoslle poñer un nome,cal preferides?
- Pinquiñas-contestei sen pensalo dúas veces-
- Xa estamos cos diminutivos-dixo Brais con certa picardía-
- Claro que si bebiño,qué hora é? Temos que ir para dentro que estou empezando a ter frío ,vou pola chaqueta e saímos de novo.
- Son as catro.Imos rápido,veña corre-dixo Brais-

Entramos a estancia pero o porquiño seguiu o noso camiño sen darnos conta, e mentras me poñía a chaqueta e me despedía dos meus pais , a Pinquiñas xa lle dera tempo facer as súas necesidades.

- Que fai aquí o porco? JAJAAJ deulle tempo a todo-dixo Coral-

-Si bueno menos mal que non te enfadaches,pero é una larga historia-díxenlle a miña nova curmá-
- O alcohol tamén me pon de bo humor, vale e bromiña,veña vai que te están agardando- dixo Coral-

Saín a fóra e reunínme co meu grupo , onde rápidamente dinme conta que estaban mirando para aquel home, se podía chamárselle así , quedeime mirando para él,estaba no mesmo sitio onde había adiantado cinco pasos. Unha corrente de aire revolvéume o pelo e a silueta movéuselle a camiseta furada deixando ver as súas costelas. Un acarrafrio recorreume a médula espiñal.
Porque estaba esa pantasma alí no medio do bosque?

-Que creedes que é?-dixo Ares-
-Tío está claro ,un espírito-contestou Brais-
-Non nos dá medo porque está ahí quieto senon...-dixo Sabela-
-O increíble é que non son alucinaciones nosas ,que está fronte os nosos ollos, e eu estou pensando en certas lendas galegas onde hai espíritus que rondan polo bosque.Pero este home ten pinta dun agricultor que estivo traballando fai tempo nesa finca e que a está protexendo-afirmei-
- E una hipótese que pode ser una equivocación ou un acerto...non se sabe

De golpe chegaron os nosos pais e chamáronnos para irnos e volvínmecara Brais para preguntárlle a hora, dixome que eran as cinco da mañá.Deume un abrazo e un bico de despedida, baixo a lúa chea.

Antes de irme cos meus pais levantei a man para decir adiós a aquela silueta que nos seguía coa vista, a cada un dos que marchaba, para a miña sorpresa, levantou a man lentamente imitándome e eu votei a temblar decíndolles aos meus pais que tiña frío.

As 5:00 da mañá, a lúa chea, o espírito...todo quedara grabado na miña memoria naquela noite de verán.